



Sindicato independente e específico
SOMOS DE XUSTIZA

Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Contacta con nós:

A Coruña (**Paco**) **609.292.438**
Ferrol (**María**) **658.615.515**
Santiago (**María José**) **673.618.911**
Vigo (**Jose**) **600.482.787**
Pontevedra (**Kike**) **605.128.068**
Lugo (**José Luis**) **649.778.142**
mail: stajgalicia@gmail.com

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/01/2017 10:51:53

DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA
Rúa de Madrid 2-4. 2º andar
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 291 / RX 181812



ENRIQUE ARAUJO Delegado sindical polo STAJ, dirixe o presente escrito a esa Dirección Xeral porque pola mesma decidiuse de xeito unilateral e sen aviso, suspender de forma xeralizada as prolongacións de xornada concedidas aos órganos e oficinas xudicias e fiscais, agás nos xulgados de violencia, coa desculpa de proceder a unha revisión e control das mesmas, pois asegurouse que de moitas prolongacións descoñecía a súa utilidade na actualidade.

Asegurounos que a as prolongacións íanse retomar case todas, pero que era necesario voltar a solicitálas por cada xulgado, e que para iso se lles comunicaría a todos o xeito e a forma de tramitar as solicitudes, a día de hoxe aínda nada se comunicou e nada se fixo ó respecto.

En base a ese criterio, suspendéronse tamén as concedidas para o rexistro telemático de demandas e escritos naqueles partidos xudiciais que non contén con persoal propio no Decanato, (partidos xudiciais de 1 e 2 xulgados), que pouco ou nada teñen que controlar ou revisar, pois seguen sendo necesarias todas a cada unha delas, como foron ata agora.

Esa medida está a crear confusión e incertidume no persoal que estaba a realizar estas tarefas, e a maioría deles deixaron de facer esa función por medo a que non se lles pague a prolongación, acumulándose así demandas e escritos sen rexistrar e sen repartir. Sen embargo en algúns casos a persoa que por quenda lle tocaba rexistrar no mes de xaneiro seguiu e sígueo facendo, cumprindo o horario correspondente ás prolongacións, polo que cremos xusto que en base a certificación do Letrado ou Fiscal correspondente se lle abone a retribución da prolongación da xornada deste mes.

SOLICITO: que se determine dunha vez a maneira de solicitar de novo as prolongacións de xornada e se lles faga saber a todos os xulgados, fiscalías e demais oficinas interesadas que ditas prolongacións sexan efectivas dende o primeiro día de febreiro.

Que o persoal que seguiu a quenda e durante este mes está rexistrando demandas e escritos, e cumpriu co horario correspondente se lles pague a prolongación de xornada en base a certificación do xefe funcional respectivo.

Santiago de Compostela a 25 de xaneiro de 2017



www

Sindicato de Traballadores de
la Administración de Justicia



Staj, Sindicato de Traballadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato Independiente y Específico de la Administración de Justicia

